



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Traballo de fin de Grao	Código	652G04046	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	10
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	<p>1. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do Grao.</p> <p>2. Para defender o Traballo de Fin de Grao é necesario ter superadas todas as materias do Plan de Estudos, e mais ter o informe favorable da dirección académica do mesmo.</p>			
Departamento	BioloxíaDidácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónFisioterapia, Medicina e Ciencias BiomédicasPedagogoxía e DidácticaPsicoloxía			
Coordinación	Rivadulla López, Juan Carlos	Correo electrónico	juan.rivadulla@udc.es	
Profesorado	Arufe Gonda, María del Carmen Bao Fente, María Concepción Botana Lois, Iria Dumitru , Adina Claudia Duran Bouza, Montserrat Fernández Sánchez, Andrea García Fernández, Manuel García Real, Teresa Juana Gomez Taibo, María Luisa Laffon Lage, Blanca Lamas Gonzalez, Juan Ramon Lodeiro Fernández, Leire López Amado, Manuel Martínez Ferreiro, Silvia Otero Otero, Patricia Peralbo Uzquiano, Manuel Pernas Cortiñas, María Lorena Ríos de Deus, María Paula Rodríguez Machado, Eduardo Rafael Tomé Lourido, David Vázquez Barro, Juan Carlos Vieiro Iglesias, Maria del Pilar Vilariño Vilariño, Maria Isabel	Correo electrónico	maria.arufe@udc.es maria.bao@udc.es iria.botana@udc.es adina.dumitru@udc.es montserrat.duran.bouza@udc.es andrea.fernandez.sanchez@udc.es manuel.garcia.fernandez@udc.es teresa.greal@udc.es luisa.gomez.taibo@udc.es blanca.laffon@udc.es juan.lamas@udc.es leire.lodeiro@udc.es m.lopeza@udc.es s.martinez.ferreiro@udc.es patricia.otero.otero@udc.es manuel.peralbo@udc.es lorena.pernas@udc.es paula.rios.dedeus@udc.es e.rodriguez.machado@udc.es david.tome.lourido@udc.es juan.carlos.vazquez.barro@udc.es pilar.vieiro@udc.es isabel.vilarino@udc.es	
Web				



<b>Descrición xeral</b>	<p>O Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao na Facultade de Ciencias da Educación, establece que o TFG debe reflectir as competencias específicas do Practicum, así como as propias do resto de materias do grao, e promover a sostibilidade.</p> <p>O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión da dirección académica asignada.</p> <p>Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- da súa área de estudo- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.</p> <p>Trátase dunha materia de 10 créditos, o que se corresponde con 250 horas de traballo para o alumnado.</p> <p>Dadas as características da materia a porcentaxe do horas de traballo presencial será acordada en última instancia pola persoa/s encargada/s de dirixir o Traballo de Fin de Grao, establecéndose como obrigatorio que cada alumno/a realice polo menos tres titorías presenciais.</p>
-------------------------	--

## Competencias / Resultados do título

<b>Código</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>
---------------	--

## Resultados da aprendizaxe

<b>Resultados de aprendizaxe</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>
----------------------------------	--



Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo.

A1	B1	C1
A2	B2	C2
A3	B3	C3
A4	B4	C4
A5	B5	C5
A6	B6	C6
A7	B7	C7
A8	B8	C8
A9	B9	
A10	B10	
A11	B11	
A12	B12	
A13	B13	
A14	B14	
A15	B15	
A16	B16	
A17	B17	
A18	B18	
A19	B19	
A20	B20	
A21	B21	
A22	B22	
A23	B23	
A24	B24	
A25		
A26		
A27		
A28		
A29		
A30		
A31		
A32		



Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia

A1	B1	C1
A2	B2	C2
A3	B3	C3
A4	B4	C4
A5	B5	C5
A6	B6	C6
A7	B7	C7
A8	B8	C8
A9	B9	
A10	B10	
A11	B11	
A12	B12	
A13	B13	
A14	B14	
A15	B15	
A16	B16	
A17	B17	
A18	B18	
A19	B19	
A20	B20	
A21	B21	
A22	B22	
A23	B23	
A24	B24	
A25		
A26		
A27		
A28		
A29		
A30		
A31		
A32		

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Procedemento para a elección de temas: 1. Ata o 30 de setembro: proposta por parte dos Departamentos dos temas ou as liñas dos TFG e os directores. 2. Ata o 30 de outubro: a comisión de titulación aprobará e fará pública unha listaxe cos temas, así como co número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación. 3. Os períodos de solicitude de temas por parte do estudantado, por orde de preferêncía dun número mínimo de tres temas ou liñas son: - Antes do 30 de novembro (para alumnado matriculado no período ordinario de matrícula). - Antes do 30 de marzo (para alumnado matriculado no período de ampliación de matrícula). - Antes do 15 de outubro (para alumnado que só teña pendente o TFG e queira examinarse nas oportunidades de xaneiro e/ou xuño). 4. Listaxe provisoria. 5. Período de reclamación. 6. Listaxe definitiva.</p>	<p>Unha vez publicada a oferta de temas, o alumnado matriculado na materia será convocado á reunión de elección de temática. O proceso de elección consistirá en que o alumando será chamado a elixir unha liña temática segundo o seu expediente académico. O proceso rematará cando todo o alumnado presente teña unha temática asignada.</p>
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B23 B24 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	237	237
Presentación oral	B7 B8 B9 B12 B13 B14 B17 C1 C2 C3	1	9	10
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>O alumnado realizara o TFG baixo a supervisión e guía da súa dirección académica.</p> <p>A dirección será responsable de expoñerlle ao estudantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFG e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFG.</p> <p>As modalidades do TFG que poderán realizar o alumnado son algunha das seguintes:</p> <p>A. O proxecto de investigación: o seu propósito é achegar información útil e aplicable ao desenvolvemento dun proxecto de investigación novidoso.</p> <p>B. O proxecto de intervención: o seu obxectivo é o de analizar as distintas posibilidades de prevención e/ou intervención optimizadora ou correctora nunha alteración da linguaxe e da comunicación.</p> <p>C. A revisión sistemática: esta modalidade pretende describir de forma actualizada o estado do coñecemento nun ámbito concreto da realidade da investigación.</p> <p>D. O traballo de investigación: o seu obxectivo é comunicar os resultados orixinais derivados do proceso de investigación levado a cabo polo/a estudante.</p>
Presentación oral	<p><b>SOLICITUDE DE DEFENSA:</b></p> <p>Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFG, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, e en formato dixital, un exemplar do TFG; un resumo do TFG dirixido ao tribunal; o documento coa solicitude de defensa e o documento co expediente académico (onde aparezan todas as materias superadas do plan de estudos).</p> <p><b>DEFENSA:</b></p> <p>Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo.</p> <p>Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso.</p> <p>Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debater co alumno/a.</p> <p>O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral	Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica nun prazo máximo de dez días naturais.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B23 B24 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Avaliación emitida pola dirección académica sobre a adquisición de competencias reflectidas no traballo realizado (contido e formato). Valoraranse as seguintes cuestións:</p> <p>- Proceso e aspectos formais (10): adecuación ao formato esixido; organización da información segundo os apartados establecidos e o tipo de traballo; calidade na exposición do contido e uso da terminoloxía apropiada; incorporación das referencias bibliográficas oportunas.</p> <p>- Contido do traballo (60): fundamentación teórica (xustificación e contextualización, elección de fontes axeitadas); proposta/proxecto/estudo (profundidade e adecuación dos contidos de cada parte, coherencia interna, viabilidade, pertinencia e/ou carácter innovador); resultados/conclusións (relación cos obxectivos formulados; grao de comprensión dos coñecementos dunha área de estudo concreta vinculada ao Grao)</p>	70



Presentación oral	B7 B8 B9 B12 B13 B14 B17 C1 C2 C3	Avaliación emitida polo tribunal sobre a exposición e defensa pública do TFG. Valoraranse as seguintes cuestións: - Grao de elaboración, fundamentación, claridade e solidez do discurso, facendo un uso adecuado e rigoroso da linguaxe. - Capacidade de síntese e de distribución do tempo de exposición, facendo fincapé nos aspectos clave para entender o interese do traballo. - Resolución, concreción e exactitude das respostas ás preguntas e aos comentarios formulados polo tribunal	30
-------------------	--------------------------------------	--	----

## Observacións avaliación

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación e defensa pública do TFG: unha ordinaria (xuño) e outra extraordinaria (setembro)

? Para aprobar a materia de TFG e necesario superar os dous elementos da avaliación: traballo tutelado e defensa oral.

? Enténdese que a parte do traballo tutelado está superada, e este pode ser defendido ante un tribunal, cando se conta coa autorización de defensa e cun informe favorable sobre o traballo que debe incluír unha cualificación numérica mínima de 3,5 (nunha escala do 0 ao 7), emitidos ambos pola dirección académica.

? A superación da parte da defensa implica que o tribunal emita unha cualificación numérica mínima de 1,5 (nunha escala do 0 ao 3).

? A cualificación final do Traballo de Fin Grao será a emitida polo tribunal.

? No caso de non contar coa autorización de defensa e/ou co informe favorable emitidos pola dirección académica do traballo, a cualificación recibida será NON PRESENTADO.

? No caso de non realizar a defensa ante o tribunal, a pesar de ter o informe favorable e/ou a súa autorización, a cualificación recibida será NON PRESENTADO.

? No caso de non superar a defensa oral, a cualificación final recibida será a obtida nesta parte da avaliación, pero nunha escala do 0-10.

? Dentro dunha mesma convocatoria, o alumnado que reciba unha cualificación de NON PRESENTADO ou de SUSPENSO, contando coa autorización de defensa e co informe favorable da súa dirección académica só terá que repetir a parte da avaliación correspondente á defensa oral do TFG.

? O alumnado que non supere a materia en ningunha das oportunidades de avaliación dunha mesma convocatoria, terá que matricularse de novo na mesma. Neste caso:

a) Se a cualificación recibida na convocatoria anterior foi de SUSPENSO, deberá comezar o proceso de elección de liñas temáticas nas mesmas condicións que o alumnado que se matricula por primeira vez.

b) Se a cualificación recibida na convocatoria anterior foi de NON PRESENTADO, poderá manter o mesmo tema e a mesma dirección académica do último curso en que se matriculase da materia, sempre e cando conte co consentimento explícito da propia dirección académica.

Convocatoria adiantada (febreiro)

De forma excepcional e sempre que o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG para rematar os seus estudos de Grao e conte co informe favorable da dirección académica, poderá defendelo en convocatoria adiantada, nas datas que estableza a Facultade desde o inicio do curso académico; pero respectando sempre o número máximo de dúas oportunidades do que poderá facer uso en cada curso académico.

O sistema de avaliación desta convocatoria adiantada será o mesmo que na convocatoria ordinaria.

Revisión as cualificacións

Se o alumnado quere revisar a cualificación outorgada pola dirección académica, deberá solicitarlo por correo electrónico no prazo de 4 días naturais logo da publicación da cualificación. Dende a dirección do TFG indícarase data, hora e lugar para realizar a revisión que será sempre antes do inicio do período de presentación e defensa diante do tribunal, por se houber modificación da cualificación.

De acordo coa normativa de avaliación vixente da UDC, a data de revisión da cualificación definitiva do TFG será a que marque o tribunal, unha vez realizadas as defensas.

?Dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica?:

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

## Fontes de información



Bibliografía básica	As propostas pola dirección académica do Tralballo de Fin de Grao
Bibliografía complementaria	

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

Na entrega dos traballos documentais que se realice no seguemento da materia, recoméndase o uso de medios telemáticos e, de non ser posible, as impresións a dobre cara, papel reciclado e evitarse a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero (usarase linguaxe non sexista, bibliografía de autores/as de ambos os sexos?). Traballárase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitárase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia. No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías